




# Galicia e Cuba: Lazos e desenvolvemento

## Description

En canto ás nosas letras, por todos é coñecido que a colección de poemas «Follas Novas» de Rosalía de Castro foi publicada por primeira vez en Cuba. Incluso en territorio cubano naceu o obxectivo de crear a Real Academia Galega, cando no ano 1905 se fundou na capital da illa a Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega, grazas á labor de Manuel Curros Enríquez e Xosé Fontenla Leal. A Habana foi un dos berces que o galeguismo atopou en América Latina, permitindo que se producira o seu desenvolvemento, lonxe das terras galegas e da represión vivida no século XX durante a ditadura.

Con todo isto, os lazos que unen á sociedade galega coa cubana seguen máis aspectos que os literarios e simbólicos. Esta ligazón remóntase a séculos atrás e contribuíu enormemente ao desenvolvemento sociocultural da nosa poboación. Na actualidade os fluxos migratorios revertíronse, mais antigamente a economía e a política foron os factores que incentivaron que centos de galegos cruzasen o Atlántico na procura dunha mellor vida.



AsÃ  que houbo moito mÃ¡is. Podemos retomar a historia desta relaciÃ³n no inicio da emigraciÃ³n masiva de galegos a Cuba en 1870, cando a illa se atopaba no seu primeiro proceso liberador. O desenlace desta primeira guerra de independencia non foi exitoso, e non serÃ¡a ata case 30 anos mÃ¡is tarde cando Cuba logrou a emancipaciÃ³n da coroa espaÃ±ola. En ambas as guerras pola independencia centos de galegos tomaron parte axudando ao exÃ©rcito liberador. Da masiva migraciÃ³n xerouse unha vontade de superaciÃ³n e de mellora da situaciÃ³n econÃ³mica deixada atrÃ¡s no salto ao AtlÃ¡ntico. Esta vontade trasladouse en esforzos a nivel de desenvolvemento educativo. CentrÃ¡ronse neste Ã¡mbito debido a que moitos deles no sabÃ¡an ler ni escribir, e querÃ¡an cambiar iso para que nun futuro os seus fillos non tivesen que aceptar os traballos mÃ¡is precarios e puidesen optar a mellores condiciÃ³ns.

Conseguiron que en Galicia entre 1905 e 1930 o 80% das 310 escolas creadas foran financiadas por emigrantes galegos en Cuba. Que en 1910 se formaran 64 Sociedades de InstruciÃ³n en Cuba, a travÃ©s das cales os emigrantes podÃ¡an facer chegar as remesas de diÃ±eiro, material escolar e mobiliario Ãs sÃ³as localidades natais, e asÃ  poder sacar adiante os colexios. En moitos casos incluso encargÃ¡ronse de adquirir os terreos para que se construÃ¡ran e tamÃ©n de pagar o salario dos profesores. Pode dicirse, polo tanto, que gran parte do analfabetismo galego desapareceu grazas ao diÃ±eiro dos galegos en Cuba. AÃnda que toda a comunidade galega se beneficiou desta iniciativa, a provincia de Lugo foi a que viu un maior aumento do nÃºmero de colexios. De acordo co censo de rapaces que Ã¡an facer o servizo militar en Viveiro no ano 1919 non habÃ¡a ningÃºn que fora analfabeto, algo posible grazas Ãs 16 escolas que se puxeron en marcha no municipio e foron financiadas dende Cuba.

Por Ãºltimo, tamÃ©n cÃ³mpre ter en conta que os beneficios formativos da relaciÃ³n galego-cubana non foron unilaterais cara a Galicia. Tras o triunfo da revoluciÃ³n cubana, en 1959, creÃ¡ronse na illa numerosas escolas de pesca, quedando ao servizo dos cubanos os anos de experiencia no mar dos galegos, o cal permitiu a introduciÃ³n de novas capacidades e mÃ©todos pesqueiros que compartiron eses que antigamente faenaban naquelas augas. Como dato tamÃ©n poderÃ¡amos destacar como influencia migratoria galega parte da historia cubana, en relaciÃ³n ca xa mencionada revoluciÃ³n que se produciu nos anos 50. O seu lÃ­der Fidel Castro, foi fillo dun dos tantos emigrantes galegos que partiu dende A CoruÃ±a, nacido en LÃ¡ncara (Lugo). Un claro exemplo mÃ¡is de como a situaciÃ³n migratoria ten impacto nos territorios, xa sexa tanto a travÃ©s das remesas enviadas Ãi autonomÃ¡a como a travÃ©s das consecuencias do asentamento e desenvolvemento no novo territorio.

## APARTADO TEMÁTICO GEOGRÁFICOS

Latin America Foreign action of Galicia

## ETIQUETAS

Diego Sande Veiga IGADI Cuba internacional economia LiÃ±a investigaciÃ³n EconomÃ¡a

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACION

Paradiplomacy Economy DiÃ¡spora Observatory

## Date Created

May 23, 2024

## Meta Fields

**Autoria :** 3769

**Datapublicacion :** 20240502

**Subtítulo :** Por Mario RodrÃ­guez Fidalgo. Estudiante de PolÃ­tica econÃ³mica internacional